



BANDO

DONA MARÍA LUISA PIÑEIRO ARCOS, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MORAÑA.

FAI SABER:

Que a **Deputación Provincial** en colaboración co **Concello de Moraña** aprobou a concesión do “Obradoiro lúdico-termal para persoas con discapacidade motora de calquera etiología” subvencionada ao abeiro do **Plan Concellos 2020- LIÑA 2**.

O Obradoiro consistirá na realización dun circuíto lúdico-termal a través dos baños nas piscinas termais, como medida preventiva e paliativa co fin de mellorar a calidade de vida, autonomía e mobilidade das persoas residentes no Concello de Moraña que presentan algún tipo de **deficiencia motora** de calquera etiología.

REQUISITOS:

- Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Moraña.
- Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% con baremo de mobilidade e/ou axuda a terceira persoa.
- Non padecer enfermidades incompatibles coa actividade do obradoiro.
- Carecer de contradición médica para poder recibir os tratamentos de balneario.
- Non ser beneficiario de programas similares.

DOCUMENTACIÓN A APORTAR:

- DNI
- CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE.
- CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO.

O obradoiro terá **carácter gratuíto** e será levado a cabo nas **Termas de Cuntis durante o mes de outubro de 2020, pola tarde en horario de 17 a 19 horas.**

A participación no Obradoiro será polo baremo de mobilidade e/ou axuda de terceira persoa recoñecido e en orde de presentación de solicitudes ata acadar o número de prazas total concedidas. Priorizando a aquelas persoas que non participaran anteriormente neste Obradoiro.

Os interesados/as deberán entregar as solicitudes xunto coa documentación correspondente no Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Moraña.

O PERÍODO DE INSCRICIÓN COMEZA O 10 DE AGOSTO E REMATARÁ O 27 DE AGOSTO DE 2020.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

Concello de Moraña

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña. 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553442
N.º de Rexistro de Entidades Locais de Galicia: MU 2000/303 – C.I.F. P-3603200 A



Cod. Validación: 5R7QH96YYGEPHXVWKSNNMYGJ | Corrección: <https://morana.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1